

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 19 de xullo de 2013
--

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o dezanove de xullo do ano dous mil trece, ás trece horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don Rosendo Luis Fernández Fernández, vicepresidente 1º, en substitución do titular, don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados, don Plácido Álvarez Dobaño, don Antonio Montero Fernández, don José Antonio Feijóo Alonso, don Emilio José Pazos Ojea, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don José Manuel Freire Couto e don Eladio Mangana Nóvoa os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Asiste a interventora, dona Mónica Legaspi Díaz, e dá fe do acto, o secretario xeral, don Francisco Cacharro Gosende.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, DO DÍA 12 DE XULLO DE 2013.- Unha vez examinada a acta da sesión que tivo lugar o día doce de xullo de dous mil trece, a **Xunta de Goberno** da Deputación **acordou**, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

2.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE BEARIZ.- No Pleno de data 26 de abril de 2013 acordouse aproba-lo expediente nº 1/2013 de modificación das bases de execución do orzamento, que afecta ó apartado B) da Base 87ª, no que se refire á especificación dos capítulos IV e VII de gastos, engadindo para a súa concesión directa, de acordo co artigo 22.2a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, unha subvención de 6.000,00 euros a favor do Concello de Beariz, para a celebración da Festa do Porco Celta correspondente ó ano 2013, con cargo á aplicación orzamentaria 334.13/462.01.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado polo Negociado de Subvencións Directas da Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ó Concello de Beariz, nos seguintes termos:

-Importe: 6.000,00 €.

-Obxecto: a celebración da Festa do Porco Celta correspondente ó ano 2013.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 19 de xullo de 2013
--

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e os artigos 73 e 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán as facturas orixinais ou os correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, debidamente aprobados polo órgano correspondente.

Unha vez seladas, as facturas orixinais seranlle devoltas ó beneficiario da subvención concedida.

-Prazo xustificación: ata o 2 de setembro de 2013.

3.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE LAROUCO.- No Pleno de data 26 de abril de 2013 acordouse aproba-lo expediente nº 1/2013 de modificación das bases de execución do orzamento, que afecta ó apartado B) da Base 87ª, no que se refire á especificación dos capítulos IV e VII de gastos, engadindo para a súa concesión directa, de acordo co artigo 22.2a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, unha subvención de 9.000,00 euros a favor do Concello de Larouco, para obras de acondicionamento e equipamento dos telecentros de Freixido, Seadur e Larouco, con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado polo Negociado de Subvencións Directas da Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ó Concello de Larouco, nos seguintes termos:

-Importe: 9.000,00 €.

-Obxecto: as obras de acondicionamento e equipamento dos telecentros de Freixido, Seadur e Larouco.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e os artigos 73 e 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán as facturas orixinais ou os correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, debidamente aprobados polo órgano correspondente.

Unha vez seladas, as facturas orixinais seranlle devoltas ó beneficiario da subvención

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 19 de xullo de 2013
--

concedida.

-Prazo xustificación: ata o 31 de outubro de 2013.

4.- RESOLUCIÓN DA SEGUNDA CONVOCATORIA DE CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO OCIO SAUDABLE E O TERMALISMO NA PROVINCIA DE OURENSE, CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2013 (BOP n.º 147, do 28/06/2013).

Unha vez vista a proposta do día 17 de xullo de 2013, que formula a comisión de valoración para a concesión de subvencións para o fomento do ocio saudable e o termalismo na provincia de Ourense correspondente ao exercicio 2013 (BOP n.º 147, do 28/06/2013), e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda aproba-la seguinte resolución:

1º.- Concederlles subvención ás persoas que se indican a continuación e que lle dan acceso directo a seren beneficiarias dunha praza por establecemento balneario e modalidade segundo se sinalan:

	DNI	APELIDOS E NOME	Nº PRAZAS	MODALIDADE	BALNEARIO
1	44479871X	CID FERNÁNDEZ MARÍA DEL PILAR	2	PROGRAMA A_Estancia	LAIAS
2	34535511-E	CONDE MUÑOZ BAUTISTA	1	PROGRAMA B_Tratamento	BAÑOS DE MOLGAS
3	76683428W	GARCÍA GARCÍA JOSEFA	1	PROGRAMA A_Estancia	LAIAS
4	34459526Y	GONZÁLEZ VÁZQUEZ MARÍA JOSEFA	2	PROGRAMA A_Estancia	ARNOIA
5	34537918Z	LOPEZ IGLESIAS ASCENSION	1	PROGRAMA A_Estancia	LAIAS
6	34715376G	PÉREZ PÉREZ MANUELA	1	PROGRAMA A_Estancia	BAÑOS DE MOLGAS
7	76694035Y	PEREZ ALVAREZ DOLORES	2	PROGRAMA A_Estancia	LOBIOS
8	76687078H	PÉREZ LAJE LUISA	1	PROGRAMA A_Estancia	O CARBALLIÑO
9	76759872V	PEREZ SALGADO CELSO	2	PROGRAMA A_Estancia	LOBIOS
10	34380230Z	REY GONZÁLEZ ANTONIO	2	PROGRAMA A_Estancia	LOBIOS
11	76671785C	RODRÍGUEZ DE LA FUENTE JOSÉ	2	PROGRAMA B_Tratamento	O CARBALLIÑO
12	76677726G	RODRIGUEZ MOURE MODESTO	2	PROGRAMA B_Tratamento	O CARBALLIÑO
13	76759945K	RODRIGUEZ RODRIGUEZ MARÍA	1	PROGRAMA A_Estancia	LAIAS
14	76767182J	VÁZQUEZ GONZÁLEZ ISABEL	1	PROGRAMA A_Estancia	LAIAS

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 19 de xullo de 2013
--

		TOTAL PRAZAS	21		
--	--	--------------	----	--	--

2º.- A concesión da subvención queda condicionada a que os beneficiarios presenten, no prazo de dez (10) días hábiles desde a publicación da presente resolución de concesión, a seguinte documentación:

- Copia do DNI do solicitante e, se é o caso, do acompañante.
- Certificado ou volante de empadramento do solicitante principal, referido á data da solicitude.
- Copia do DNI do representante e da autorización do representado para a formulación da solicitude.

As quendas para a realización das estancias serán concretadas polos establecementos tras a publicación da resolución.

3º.- A notificación desta resolución realizarase exclusivamente a través da súa publicación no seguinte enderezo web: <http://termalismo.depourense.es> e no taboleiro de anuncios da Deputación Provincial, como así o establece o punto 3 da base oitava das que rexen a convocatoria.

5.- FIXACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS DA ESCOLA PROVINCIAL DE DANZA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.- Unha vez visto o ditame favorable da comisión informativa de Educación, Cultura e Deportes, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

1º.- Aprobar a programación anual da Escola de Danza da Deputación Provincial de Ourense para o curso 2013-2014, co seguinte contido:

a) Accións formativas que se desenvolverán:

1.- Actividades:

1.1.- Baile tradicional

1.2.- Canto e pandeireta

Dirixidas a todas as persoas interesadas na cultura popular a partir de cinco anos, sen límite de idade.

N.º de prazas por curso: 150.

Duración do curso: desde o día 1 de outubro ata o 30 de xuño.

Horarios: de luns a sábado das 18.00 ás 21.00 horas en función da idade e do nivel

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 19 de xullo de 2013
--

dos alumnos.

Tempo da clase: 1 hora semanal por cada materia.

Recursos humanos: clases impartidas na súa totalidade polo propio persoal do CCP Xaquín Lorenzo. Baile tradicional: Francisco J. Álvarez Campos e Manuel Franqueira Conde; Canto e pandeireta: M.^a Dolores Fernández Senra.

1.3.- Actividades complementarias:

1.3.1.- Música para acompañamento de grupos de baile tradicional.- Dirixida a todas as persoas interesadas na cultura popular a partir de oito anos, sen límite de idade.

Duración do curso: desde o día 4 de novembro ata o 30 de xuño.

N.º de prazas: 25.

Tempo da clase: 1 hora semanal

Recursos humanos: curso impartido puntualmente por un mestre especialista, por un importe non superior a 1.500 euros.

Horario: venres e sábado das 19.00 ás 22.00 horas, en función da idade e do nivel dos alumnos.

1.3.2.- Talleres de tecido tradicional.- Curso orientado para adultos.

N.º de prazas: 35.

Duración do curso:

1º curso desde o día 1 de outubro ata o 31 de xaneiro.

2º curso desde o día 1 de febreiro ata o 31 de maio.

Horario: de luns a venres.

Tempo de clase: 3 horas semanais.

Recursos humanos: curso impartido puntualmente por un mestre especialista, por un importe non superior a 2.800 euros por curso.

- b) Prazos e procedemento de inscrición: o prazo de inscrición será do 15 de setembro ata o 31 de outubro, ambos incluídos. A inscrición realizarase no Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo Fernández, con domicilio no Centro Comercial As Lagoas (praza Daniel González), no modelo normalizado facilitado no propio centro, tralo pagamento previo do prezo público establecido en concepto de matrícula.
- c) Prezos públicos pola participación en accións formativas:
 - Curso de baile tradicional: 40 euros en concepto de matrícula anual.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 19 de xullo de 2013
--

- Curso de canto e pandeireta: 40 euros en concepto de matrícula anual.
- Curso de música para acompañamento de grupos de baile tradicional: 40 euros en concepto de matrícula anual

Nos citados cursos, no suposto de que se matriculen varios membros da mesma unidade familiar, o prezo será o seguinte: 40 euros para o primeiro membro matriculado e 15 euros para os restantes.

- Curso de talleres de tecido tradicional: 55 euros en concepto de matrícula única do curso.

En todos os prezos públicos aplicaráselles unha bonificación do 100% aos alumnos que teñan a condición de desempregados ou que formen parte dunha unidade familiar na que os dous proxenitores se atopen en situación legal de desemprego. A acreditación da condición de desempregado realizarase mediante certificación expedida polo Servizo Público de Emprego.

2º.- Ordenar a publicación no BOP deste acordo, para xeral coñecemento.

6.- FIXACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS DA ESCOLA PROVINCIAL DE GAITAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.

- Unha vez visto o ditame favorable da comisión informativa de Educación, Cultura e Deportes, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

1º.- Aprobar a programación anual da Escola de Gaitas da Deputación Provincial de Ourense para o curso 2013-2014, co seguinte contido:

d) Accións formativas que se desenvolverán:

Ciclo elemental gaita:

Preparatorio 1: 20 prazas

Preparatorio 2: 20 prazas

Ciclo medio gaita:

1º curso: 40 prazas

2º curso: 40 prazas

3º curso: 40 prazas

Ciclo superior gaita:

1º curso: 10 prazas

2º curso: 10 prazas

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 19 de xullo de 2013
--

3º curso: 10 prazas

4º curso: 5 prazas

Curso especial para adultos gaita:

1º curso: 40 prazas

2º curso: 20 prazas

Percusión:

1º curso: 20 prazas

2º curso: 20 prazas

3º curso: 20 prazas

Curso especial: 10 prazas

Canto e pandeireta:

Preparatorio 1: 15 prazas

Preparatorio 2: 20 prazas

1º curso: 20 prazas

2º curso: 20 prazas

3º curso: 20 prazas

Curso adultos canto e pandeireta:

1º curso: 30 prazas

2º curso: 30 prazas

Zanfona:

1º curso: 10 prazas

2º curso: 10 prazas

3º curso: 10 prazas

e) Calendario de actividades:

Os cursos iniciaranse o 1 de outubro e finalizarán o 30 de xuño, impartíndose 1 hora diaria por materia e 1 hora de ensaio diario e actuacións coas distintas agrupacións da Escola.

f) Prazos e procedemento de inscrición:

O prazo de matriculación será do 2 ao 20 de setembro, ambos incluídos, aprobándose o proceso de admisión e apertura do prazo de matrícula mediante Decreto da Presidencia, conforme co establecido nos artigos 6 a 9 da ordenanza reguladora.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 19 de xullo de 2013
--

Excepcionalmente, e en función da existencia de vacantes e da demanda, a Presidencia poderá abrir períodos extraordinarios de matrícula ao longo do curso, dirixida a alumnos estranxeiros ou grupos de centros galegos da emigración.

g) Prezos públicos:

O prezo da matrícula por curso académico e materia será de 40 euros.

O pagamento da matrícula poderá realizarse do seguinte xeito:

- Pagamento total da matrícula no momento de realizar a inscrición.
- Pagamento fraccionado en 3 prazos, do seguinte modo: 20 euros no momento de realizar a inscrición e 10 euros nos 15 primeiros días dos segundo e terceiro trimestres de cada curso académico.

2º.- Establecer a estrutura xeral das ensinanzas que se impartirán na Escola Provincial de Gaitas, nos seguintes termos:

- As ensinanzas de gaitas estrutúranse en tres ciclos (elemental, medio e superior). O ciclo elemental componse de dous cursos, o ciclo medio de tres cursos e o ciclo superior de catro cursos.
- As ensinanzas de percusión estrutúranse nun único ciclo, dividido en tres cursos.
- As ensinanzas de canto e pandeireta estrutúranse en dous ciclos: elemental (dous cursos) e superior (tres cursos).

Complementariamente á dita estrutura fundamental, ofértanse cursos especiais para adultos nas disciplinas de gaita, percusión, canto e pandeireta.

A programación dos diferentes cursos será definida polo director da Escola de Gaitas e estará dispoñible para os interesados nas dependencias da Escola.

3º.- Ordenar a publicación no BOP deste acordo, para xeral coñecemento.

7.- FIXACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS DA REAL BANDA DE GAITAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.- Unha vez visto o ditame favorable da comisión informativa de Educación, Cultura e Deportes, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

1º.- Aprobar a fixación dos prezos públicos para as actuacións da Real Banda de Gaitas da Deputación Provincial de Ourense, conforme co seguinte detalle:

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 19 de xullo de 2013
--

- Participación en actos privados: estas actuacións estarán suxeitas ao pagamento dun prezo público de 3.500 euros (IVE non incluído). O prezo público non inclúe os gastos de transporte, manutención, lavandería e demais que se orixinen cos desprazamentos da Real Banda de Gaitas, que deberán ser asumidos polo solicitante da actuación. Serán tamén por conta do promotor do acto a posta a disposición das infraestruturas necesarias para levar a cabo a actuación.

A liquidación e pagamento dos prezos públicos realizarase conforme co previsto no apartado 6 do artigo 17 da ordenanza reguladora.

2º.- Ordenar a publicación no BOP deste acordo, para xeral coñecemento.

8.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO DE ESTUDO DENOMINADO “OURENSE, PROVINCIA TERMAL”

.- Unha vez vista a proposta favorable da Presidencia en relación co convenio citado anteriormente, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

1º.- Aproba-la subscrición dun convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Deputación Provincial de Ourense para a realización de proxecto de estudo denominado “Ourense, provincia termal”, coas seguintes cláusulas:

Primeira.- Obxecto do convenio

O obxecto do convenio é a realización dun estudo denominado “Ourense provincia termal” que conste de dúas partes: un diagnóstico termal que inclúa un inventario e un estudo da súa situación actual e un plan director que deseñe as actuacións futuras a realizar para a consecución dos obxectivos previstos.

Segunda.- Obrigas da Deputación Provincial de Ourense

A Deputación Provincial de Ourense comprométese a aboarlle quince mil euros (15.000,00 €) á Axencia Turismo de Galicia unha vez que se produza a sinatura deste convenio como apoio para levar a cabo este proxecto.

Terceira.- Obrigas da Axencia Turismo de Galicia

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 19 de xullo de 2013
--

A Axencia Turismo de Galicia achegará ó presente convenio a cantidade de corenta e sete mil novecentos vinte euros (47.920,00) con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.640.0 (código de proxecto 2013.00004) procedentes dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia de 2013.

Así mesmo comprométese a contrata-lo proxecto de estudo denominado “Ourense, provincial termal”. A Deputación de Ourense supervisará a execución do proxecto e será necesaria a súa conformidade para da-lo contrato por executado. Unha vez informe de conformidade, comunicarllo á Axencia para que esta o aprobe e proceda ó seu pagamento.

Cuarta.- Entrada en vigor

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ó da súa sinatura, e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2013.

Quinta.- Constitución dunha comisión de seguimento

Constituirase unha comisión de seguimento que interprete e asegure o bo fin e cumprimento do obxecto deste convenio e resolva as controversias xurdidas como consecuencia da execución deste.

A comisión estará formada por dous representantes de cada unha das partes, nomeados polos seus máximos responsables que se reunirá por solicitude dunha das partes asinantes, considerándose constituída se asiste polo menos un dos representantes de cada entidade.

Sexta. – Carácter das actuacións

O documento será propiedade de ambas entidades. O réxime de utilización conxunta e as futuras actuacións que deriven da execución deste proxecto serán acordadas na comisión de seguimento constituída en virtude da cláusula quinta.

As características das actuacións obxecto deste convenio son de interese xeral: promoción e desenvolvemento turístico termal na provincia de Ourense e deberán ter como contido mínimo:

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 19 de xullo de 2013

DIAGNOSTICO TERMAL OURENSE que comprenderá:

- inventario patrimonio cultural – natural termal, inventario recursos e axentes termais, diagnóstico termal provincial, escenario turístico/termal, entrevistas cualificadas, destinos e produtos competidores, DAFO, definición de liñas estratéxicas de actuación, presentación audiovisual

PLAN DIRECTOR OURENSE PROVINCIA TERMAL que comprenderá:

- programa, ámbitos e instalacións, novos produtos turísticos, estratexia de formación, calidade, e información, prioridades actuación - proposta financiamento, modelos de xestión e participación iniciativa privada.

Sétima.- Xustificación

O prazo para xustificar por parte do Axencia Turismo de Galicia a aplicación dos fondos percibidos remata o 31 de decembro de 2013, polo que deberá remitirille antes desa data o proxecto de estudo denominado “Ourense, provincial termal” á Deputación de Ourense.

Oitava.- Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O cumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

Novena.- Natureza xurídica do convenio

O presente convenio ten natureza administrativa polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, que regula os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005 de 29 de decembro de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2006, polo Decreto 126/2006, que regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e polo previsto na Lei

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 19 de xullo de 2013
--

4/2006 de 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, pola Resolución de 8 de abril do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares así como polas demais normas de dereito administrativo aplicables, ou no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do convenio serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional do contencioso administrativo (artigo 8.3 da Lei 30/1992).

2º.- Concederlle á Axencia de Turismo de Galicia a subvención de quince mil euros (15.000,00 €) prevista na cláusula segunda do referido convenio, nas condicións recollidas no seu clausulado.

9.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se suscitaron.

10.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Non houbo.

11.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás trece horas e trinta minutos, do referenciado día dezanove de xullo do ano dous mil trece, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,